

	 Amigos da Terra	Documento de Posicionamento	amigosdaterra.net
		Amigos da Terra Rúa da Concordia 20,2º esquerda 32003 Ourense Tel: 34 988 374318 Fax: 34 988 511020 e-mail: info@amigosdaterra.net	

DOCUMENTO DE POSICIONAMIENTO DE AMIGOS DA TERRA SOBRE AS BOLSAS COMERCIAIS DUN SO USO

Setembro de 2009

O PROBLEMA

Na nosa sociedade, un dos iconos máis simbólicos da incultura de Usar e Tirar é a bolsa de plástico dun só uso, que xeralmente se distribúe en comercios e tendas de xeito gratuito ou a baixo custo para o transporte de bens de consumo.

As bolsas dun só uso son aquelas que, independentemente do material co que sexan fabricadas, e incluídas aquelas definidas como biodegradables, son utilizadas un número reducido de veces antes de ser rexeitadas.

En opinión de Amigos da Terra - En España, a bolsa dun só uso debería de desaparecer dos nosos hábitos diarios de consumo debido aos problemas ambientais e sociais que causan, entre os que se poden destacar :

- Consumo de recursos naturais: a produción de bolsas dun só uso ao ano en España necesita da utilización de grandes cantidades de recursos naturais, tales como o petróleo, auga e madeira.

Como dato, o Worldwatch Institute estima que só en Estados Unidos, necesítanse 12 millóns de barrís de petróleo para producir as 100 billóns de bolsas que se consomen anualmente (State of the World 2004: Special Focus: The Consumer Society; by Worldwatch Institute on January 2, 2004)¹..

No estudo realizado pola Universidade Pompeu Fabra de Barcelona ("Ciclo de Vida de Varios Tipos de Bolsas de Comercio") conclúese que os principais impactos ambientais das bolsas prodúcense na extracción das materias primas.

¹ <http://www.worldwatch.org/node/1043>

-Vida útil da bolsa de plástico: Actualmente, a vida útil media da bolsa dun só uso é de tan só 20 minutos, desde que se adquire en calquera comercio ata que o/a cliente/a chega ao seu domicilio e descarga a bolsa dos produtos adquiridos.

-Reciclaxe das bolsas de plástico: Só un 10% das bolsas de plástico depositáanse correctamente no colector amarelo para a súa reciclaxe, e o resto acaban en vertedoiros e incineradoras, desperdiciando así os recursos naturais e emitindo contaminación, e o que é aínda peor, debido ao seu lixeiro peso, son transportadas por auga e vento, sendo o destino de moitas delas o mar, os ríos, parques, montañas, etc. Xa que logo, a súa reciclaxe non é efectiva.

AS FALSAS SOLUCIÓNS

As bolsas biodegradables ou "oxibiodegradables" substitutos do plástico

O Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño, consciente do uso e abuso das bolsas plásticas dun só uso, contempla no seu Plan Nacional Integrado de Residuos (PNIR) a posibilidade de substituír o material das bolsas de plástico por outro tipo de materiais tales como:

-Materiais biodegradables: procedentes de diferentes variedades de plantas agrícolas (bolsas de almidón de pataca, de millo)

-Materiais oxibiodegradables: introdución dun pro-degradante ao polímero, o cal reacciona como un catalizador e causa unha rápida desagregación das cadeas moleculares de plástico.

Amigos da Terra considera que estas dúas opcións son falsas solucións, xa que aínda que se reduce o problema dos residuos, séguense consumindo recursos naturais valiosos e os hábitos insostibles e insolidarios da nosa incultura do usar e tirar mantéñense intactos.

As bolsas biodegradables, producidas a partir de almidón de millo, pataca ou trigo supón a dedicación de terras fértiles para o monocultivo destas especies, coa aplicación de fertilizante e herbicidas químicos que os monocultivos adoitan levar asociados. Ademais, se a produción de "bioplástico" ten que dar resposta á actual demanda de bolsas de plástico, o problema aumenta considerablemente. Aínda que na actualidade cultívanse os bioplásticos en rexións europeas, no caso de que se estendese o seu uso ao mesmo nivel das actuais bolsas plásticas, teríase que recurrir a millóns de hectáreas de terras fértiles en países do sur, ocupando grandes extensións de monocultivo afectando ás comunidades locais e privándolles da súa única forma de sustento, como é o caso actual dos agrocombustibles.

Como sinala European Bioplastics (2006) a capacidade mundial de produción e transformación de bioplásticos podería chegar, en 2008, a 590 mil toneladas. No caso das

bolsas de millo, isto suporía o cultivo de aproximadamente 65 mil hectáreas, o cal equivalería aproximadamente a unha cuarta parte da superficie estatal dedicada a froiteiras cítricas no estado español (Avance Anuario MAPA 2005. Subdirección Xeral de Estatísticas Agroalimentarias). Deste xeito, ao aumentar a produción agrícola para demandar a inxente cantidade de bolsas de plástico biodegradables, aumentaríamos a presión sobre recursos naturais tales como a auga e a terra agrícola produtiva, como indica un estudo realizado por The Guardian (UK)².

Para rematar, a investigación e comercialización de organismos modificados xeneticamente está tamén moi asociada á produción destes "bioplásticos". Un aumento do cultivo destas plantas modificadas xeneticamente afectaría negativamente á biodiversidade agrícola e á soberanía alimentaria.

Doutra banda, a "innovación tecnolóxica" das bolsas oxibiodegradables, donde un aditivo de síntese é engadido ao plástico para que as bolsas se descompoñan en auga, CO₂ e unha pequena parte de biomasa, tampouco poría límite ao elevado consumo de recursos naturais, e perpetúa o problema do Usar e Tirar baixo un "lavado verde", aparte de non eliminar o problema de contaminación xerado polo depósito indiscriminado de bolsas, xa que estas bolsas se fragmentan en micro partículas, pero non se descompoñen. En conclusión, as opcións expostas NON son a solución ante a problemática social e ambiental do uso diario de bolsas de plástico.

O obxectivo principal debe ser a redución drástica das bolsas dun só uso, independentemente do material do que estean fabricadas, e a desaparición das bolsas gratuítas nos comercios. Se o primeiro paso é a substitución de materiais por biodegradables non haberá cambio de hábitos e o problema unicamente se trasladará en vez de desaparecer.

Substitución por bolsas máis resistentes certificadas

A solución proposta pola industria de proporcionar bolsas máis resistentes certificadas segundo a creación dunha normativa de certificación ambiental tipo ISO, non resolve tampouco o problema de raíz.

Aínda que as bolsas sexan deseñadas para ser reutilizadas varias veces, esta medida non é suficiente para disuadir ao consumidor/a de coller bolsas novas cada vez que vai á compra, nin para educalo/a en levar os seus propios medios de transporte da compra, sexa bolsa reutilizable ou outro, nin para conciencialo/a sobre o valor dos recursos naturais que se necesitan para a produción da bolsa de plástico.

² <http://www.guardian.co.uk/environment/2008/apr/26/waste.pollution>

Utilización das bolsas comerciais dun só uso como bolsas de lixo

O Estudo sociolóxico sobre a produción excesiva de residuos de envases realizado por Amigos da Terra durante o ano 2008 amosa que o 83,5% da poboación usa a miúdo a bolsa comercial de plástico como bolsa de lixo no seu domicilio. Esta "reutilización" é unha falsa solución do problema. As bolsas -unha vez no vertedoiro-, debido á súa fragilidade e lixeireza, rompen, voan e poden pasar a formar parte de diversos ecosistemas, podendo permanecer na natureza ata 500 anos antes da súa descomposición. Doutra banda, se o seu destino é a incineración, emitiranse cantidades significativas de CO₂, ademais de dioxinas e haluros de hidróxeno.

Ademais, o feito de que a gran maioría dos/as cidadáns/as utilicen as bolsas comerciais como bolsa de lixo non debe servir de escusa para evitar o uso das mesmas. A continuación amosaremos diferentes motivos:

-Non todas as bolsas que se ofrecen gratuitamente nos comercios acaban sendo usadas como bolsas de lixo, posto que, por ser gratuítas, téndese a coller un número moito maior de bolsas das que se necesitan, que a miúdo se tiran (ben sexa ao colector de resto, ou con sorte, ao amarelo) sen unha segunda utilización.

-Non hai ningunha obriga, imposta desde a administración, para que os/as cidadáns/as dispoñan de bolsas de lixo gratuítas.

-A bolsa de lixo pode resultar ser un instrumento de control de residuos, tal e como outros países do noso entorno europeo están experimentando, como nos casos de Irlanda e Bélxica, onde só se poden depositar os residuos en bolsas adquiridas con ese fin. Deste xeito recádase a taxa de lixo de xeito proporcional ao lixo producido, destinando os cartos recadados á xestión de devanditos residuos.